# Tarifa de comisións, condicións e gastos **repercutibles a clientes**

**En vigor desde o 10.04.2024**

**EPÍGRAFE 52 CRÉDITOS DOCUMENTARIOS EMITIDOS POR IMPORTACIÓNS OU INTERIORES E STAND BY.**

| | **Por apertura (Unha única vez)** (Véxase a nota 1) | | **Por risco (Trimestral)** (Véxase a nota 2) | | **Por pagamento diferido (Trimestral)** (Véxase nota 3) | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **CLASE DE OPERACIÓN** | **‰** | **MÍNIMO Euros** | **‰** | **MÍNIMO Euros** | **‰** | **MÍNIMO Euros** |
| **1. EMISIÓN** IRREVOGABLE | 7,50 | 75 | 2,00 | 50 | 5,00 | 50 |

| | **%** | **Única por operación** |
|---|---|---|
| **2. MODIFICACIÓN** (Véxase a nota 4) | ---- | 50 |
| **3. POR DISCREPANCIAS** (Véxase a nota 5) | ---- | 90 |

**NOTA 1** A comisión de apertura percibirase no momento de cursar a orde de apertura do crédito documentario e calcularase sobre o importe principal máis a tolerancia pactada, se for o caso.

**NOTA 2** A comisión de risco percibirase no momento de cursar a orde de apertura do crédito. Calcularase polo período comprendido entre a data de apertura do crédito documentario e a data de vencemento. A porcentaxe é trimestral, rateable por meses, agás o mínimo que se aplica por cada trimestre sen ter en conta o prazo.

**NOTA 3** A comisión por pagamento diferido calcularase polo período de adiamento do pagamento e cobrarase cando se produza a disposición do crédito. A porcentaxe é trimestral, rateable por meses, salvo o mínimo que se aplica por cada adiamento de pagamento, sen ter en conta o prazo.

**NOTA 4** A comisión de modificación percibirase cando o ordenante dun crédito documentario solicite a modificación deste, con independencia do cobramento das comisións adicionais a que puidese dar lugar o incremento de importe ou a extensión da validez.

**NOTA 5** A comisión por discrepancias percibirase cando se observe algunha discrepancia nos documentos negociados que dea lugar a unha consulta previa ao ordenante, antes de efectuar o pagamento ou dar a conformidade, sempre que se pactase co ordenante que en vez de rexeitar o pagamento se realice a xestión cando existan discrepancias. Esa comisión será repercutida ao ordenante en caso de non ser aceptada polo cedente dos documentos.

**NOTA 6** Percibiranse os xuros correspondentes aos días que medien entre a data do pagamento efectivo por un correspondente en virtude dun crédito documentario de importación e a data real en que a entidade rexistrada española adquire e sitúa as divisas en cobertura deste pagamento.

Todo iso independentemente do saldo que poida haber na conta do cliente ordenante ou na do correspondente pagador.

**NOTA 7** Nos créditos Revolving (Rotativos) percibiranse todas as comisións correspondentes á apertura, e posteriormente, en cada renovación, só se percibirá unha comisión en concepto de "renovación" do 2,5‰ mínimo 24,04 euros.

**NOTA 8** Cando no desenvolvemento destas operacións se produza un financiamento en divisas, aplicarase a comisión recollida na epígrafe 56.-, apartado 2.

**NOTA 9** Non se aplicarán as comisións e/ou gastos a todas aquelas operacións (ordes, transferencias, emisión de cheques, etc.) contidas nesta EPÍGRAFE, de persoas xurídicas, así como de persoas físicas, sempre que estas últimas acorden co banco a non aplicación da Orde EHA/2899/2011, de 28 de outubro, por actuar no ámbito da súa actividade profesional ou empresarial, cando se pactasen unhas comisións e gastos cuxa fixación se efectúa en función do importe das operacións, da realización dun número determinado destas, que se realicen durante un prazo determinado etc., mentres se manteñan estes pactos.